

<i>Dependencia</i> CIR.- Mobilidade e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE		
<i>Documento</i> CIR1110M8	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 16-03-17 09:16

Asunto

AUTORIZACIÓN ACTIVIDADES ARTESANAIS

ANEXO DE CALIFICACIÓN DE LA ACTIVIDAD
CONCELLO

15078DCIR1110M8|
² 15078DCIR1110M8 | ?>>
² 15078DCIR1110M8 | ?>>

DECRETO.- Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2017

1.- Por Decreto do Concelleiro Delegado de Mobilidade, Seguridade Cidadán e Tráfico, de data 25 de novembro de 2013 se aproban as Normas que Regulan as Actividades Artísticas Promovidas por Particulares na Vía Pública, dándose conta do acordo á Xunta de Goberno Local de 28 de novembro dese ano. Esta resolución foi modificada o 28 de marzo de 2014 e o 12 de decembro do mesmo ano, en relación cos prazos de presentación de instancias e publicación dos listados, contemplados no Anexo II e a aprobación dun novo Anexo III para regular as actividades musicais no Arco do Pazo de Xelmírez.

A Disposición 2ª das normas dispón que, con carácter xeral, poderanse autorizar actividades consistentes en actuacións musicais, pictóricas ou outras actividades artísticas como estatuas viventes, mimos, etc. Calquera actividade artística que promovas os particulares na vía pública será sometida previamente á valoración da súa oportunidade.

Pola súa banda, a Disposición 9, punto B.4) contempla a posibilidade de outorgar autorizacións para o exercicio de actividades artísticas de diversa índole, distintas as anteriores (musicais, pictóricas ou fotográficas) cando non leven consigo a emisión de son nin supoñan a venda de artigos de calquera clase, atendendo á conveniencia e oportunidade de cada unha delas, e especialmente á saturación dos espazos propostas.

Por Decreto do Concelleiro Delegado de Medio Ambiente e Convivencia, de data 20 de decembro de 2016 acordouse NON AUTORIZAR actividades chamadas artesanais nos espazos da vía pública habilitados para o desenvolvemento de actividades artísticas, en base ás consideracións expostas no antecedente desta resolución.

Esta medida farase efectiva a partires do segundo trimestre do ano 2017, xa que para o primeiro trimestre o prazo de presentación de solicitudes remata mañá, polo que a meirande parte delas xa foron presentadas, para non perxudicar ós interesados. En todo caso, supervisarase de xeito exhaustivo e con maior rigor durante este derradeiro trimestre no que van a desenvolverse estas actividades, o estrico cumprimento das normas que regulan o exercicio da actividade.

Dende esta Concellería estudouse a situación dos artesáns co fin de dar algunha solución ó desenvolvemento destas actividades na vía pública superando os problemas que estaban a ocasionar e que motivaron a anterior resolución, pola que se suspendía o outorgamento de autorizacións á este

<i>Dependencia</i> CIR.- Mobilidade e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE		
<i>Documento</i> CIR1110M8	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 16-03-17 09:16

colectivo. Tivéronse varias xuntanzas con representantes do mesmo e chegouse consensuadamente á proposta que de seguido se describe.

Habilitarase un novo espazo cidadán para a exposición de actividades artesanais na Praza de San Martín Pinario, delimitándose 20 postos cunha superficie cada un deles de 1,5x1 m. e unha distancia entre eles de 1 m.

A actividade estará suxeita as determinacións que constan nas Normas que Regulan as Actividades Artísticas Promovidas na Vía Pública, aprobadas por Decreto do Concelleiro Delegado de Seguridade Cidadán e Tráfico, de data 25 de novembro de 2013 e as súas modificacións posteriores acordadas por resolucións de 28 de marzo e 12 de decembro de 2014.

Asemade, tampouco pode levar se a cabo a emisión de son, nos termos do recollido na Disposición 9ª punto B.4, das normas.

Os efectos do outorgamento das autorización abrírase un prazo de presentación de solicitudes, que deberán ir acompañadas dunha memoria, na que se expoña toda a información sobre a actividade que se vai realizar con descrición dos elementos que se utilizarán para o seu desenvolvemento e se sé posúe a documentación acreditativa da cualificación para realizala, dende o 20 ó 27 de marzo deste ano, publicándose o día 28 de marzo a listaxe provisoria de artesáns autorizados coa asignación de postos, que se levará a cabo por orde alfabético comezando coa letra que se obteña nun sorteo que se celebrará o día anterior á publicación dos listas nas dependencias do Servizo de Mobilidade e Seguridade, que será público. A publicación definitiva, en función da posible presentación de alegacións farase o 31 de marzo de 2017.

No suposto de que o número de postos sexa inferior ás solicitudes presentadas estableceranse quendas nos postos que sexa necesario para poder dar cabida a todas as solicitudes, para elo elixirase por sorteo cales serán eses postos que terán que someterse a quendas, que na seguinte convocatoria serán excluídos do sorteo.

O número máximo de solicitudes que poderán autorizarse será de 40, que suporá a ocupación de todos os postos con dúas quendas unha de mañá e outra de tarde.

No vindeiro trimestre do ano, respectaranse os prazos da convocatoria contados no Anexo II das normas que regulan estas actividades.

En todo caso, supervisarase de xeito exhaustivo e con rigor o exercicio das actividades para garantir o cumprimento da normativa.

Tendo en conta que moitos artesáns presentaron xa a súa solicitude para este trimestre (a pesares da publicación do Decreto que non autorizaba ditas actividades), co fin de que non se teña que presentar de novo, teranse en conta; poren, aqueles artistas que non tiveran aportado a memoria coa descrición da actividade e os medios necesarios para o seu desenvolvemento deberán facelo, no prazo sinalado, dende o 20 ata o 27 de marzo deste ano.

2.- A Xunta de Goberno Local na súa sesión de 17 de xuño de 2015 acordou delegar a competencia sinalada na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro

<i>Dependencia</i> CIR.- Mobilidade e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE		
<i>Documento</i> CIR1110M8	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 16-03-17 09:16

polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, no relativo á concesión de autorizacións para o aproveitamento especial dos bens de dominio público; ase como o seu uso privativo, con instalacións desmontables ou bens mobles ou cunha duración ou uso non superior a un ano no Concelleiro Delegado de Medio Ambiente e Convivencia.

RESOLVO:

PRIMEIRO.-HABILITAR un novo espazo na Praza de San Martín Pinarío, coa instalación de 20 postos para actividades artesanais a desenvolver na vía pública, nos termos do exposto no primeiro punto desta resolución.

SEGUNDO.- Abrir un novo prazo de presentación de solicitudes dende o 20 ata o 27 de marzo de 2017, nas condicións sinaladas no primeiro punto. A listaxe provisoria de solicitudes será o 28 deste mes e a definitiva o día 31 de marzo de 2017.

No vindeiro trimestre do ano, respectaranse os prazos da convocatoria contados no Anexo II das normas que regulan estas actividades.

Esta resolución para xeneral coñecemento publicarse na páxina web e no taboleiro de edictos do concello e manterase publicado ata que remate o periodo de presentación de solicitudes o 27 de marzo de 2017.

O CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA

Xan Xesús Duro Fernández